



CONCELLO DE PONTECESO
Rúa Concello, 18
15110 Ponteceso (A Coruña)

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL CELEBRADA O DÍA 14 DE AGOSTO DE 2020

No salón de Plenos da Casa do Concello de Ponteceso (A Coruña) ás 09.00 horas do día 14 de agosto de 2020, baixo a Presidencia do Sr. Alcalde D. Xosé Lois García Carballido, reúnese, en primeira convocatoria, a Xunta de Goberno Local co obxecto de celebrar a sesión ordinaria convocada en legal forma para o día da data.

ASISTENTES:

SR. ALCALDE-PRESIDENTE
D. XOSÉ LOIS GARCÍA CARBALLIDO

SRES. CONCELLEIROS/AS PRESENTES.-

D. MIGUEL ANGEL GONZÁLEZ GÓMEZ
D. FAUSTINO SANTIAGO LEMA
D^a. NOELIA MARÍA VARELA SUÁREZ
D^a RAQUEL FONDO PÉREZ

SECRETARIA: D^a ANTÍA PENA DORADO

AUSENTE

INTERVENTORA: D^a LUCÍA MATA RODRÍGUEZ

A presidencia, tras comprobar que se cumpre o quórum legalmente exixido polo artigo 113.1.c) do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, declara aberta a sesión, e procédese a tratar os asuntos incluídos na orde do día da convocatoria e que se indican a continuación:

1.- APROBACIÓN DE ACTAS ANTERIORES.-

Aprobación da acta da sesión ordinaria do 05-08-2020. Pola presidencia pregúntase aos asistentes se hai algunha aclaración, non existindo enténdese aprobada por unanimidade.

2.- Expedientes de aprobación dos instrumentos de desenvolvemento do Plan Xeral de Ordenación Municipal e instrumentos de xestión urbanística e dos proxectos de urbanización: **Non contan**

3.- Expedientes de concertación de operacións de tesourería que lle corresponderán cando o importe acumulados das operacións vivas en cada momento non supere o 15% dos ingresos correntes liquidados no exercicio anterior: **Non constan**

4.-Expedientes de contratación e celebración de contratos privados conforme a Disposición adicional segunda da LCSP:

1. Aprobación do expediente de contratación de obras para a **MELLORA VIARIO NÚCLEO DE NIÑONS E OUTRO. EXPEDIENTE 2020/C003/000004.**

Por parte da presidencia expónse a proposta de alcaldía que no seu literal di:

“ASUNTO: APROBACIÓN DO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DA OBRA “MELLORA VIARIO NÚCLEO DE NIÑONS E OUTROS”. EXPEDIENTE (2020/C003/000004)



CONCELLO DE PONTECESO

Rúa Concello, 18
15110 Ponteceso (A Coruña)**ANTECEDENTES:**

Considerando que, para os efectos previstos no artigo 28 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público - LCSP 2017-, esta Alcaldía entende necesario que se tramite un contrato de execución das obras para a denominada "MELLORA VIARIO NÚCLEO DE NIÑONS E OUTROS" EXPEDIENTE (2020/C003/000004), POS+2020, considérase como procedemento de contratación máis axeitado polo acortamento de prazos o procedemento aberto simplificado, xa que polo orzamento da obra, atópase dentro dos supostos do artigo 159 da Lei 9/2017, para o cal se empregará o Prego tipo aprobado pola Deputación da Coruña.

Considerando que o procedemento de contratación máis axeitado, tendo en conta os seus prazos e o orzamento da obra encóntrase dentro dos supostos do artigo 159 da Lei 9/2017 o procedemento aberto simplificado, xustificando os criterios que se terán en conta para a valoración das propostas suxeitas a xuízo de valor que serán: o plan de control de calidade e o programa de traballo, e os criterios de adxudicación elixidos, avaliados mediante fórmulas son: a oferta económica, a estabilidade no emprego (porcentaxe de persoal fixo en relación co persoal global da empresa e porcentaxe de mulleres en relación co persoal global da empresa), a existencia dun plan de igualdade, o incremento do prazo de garantía e a redución de prazos de execución, todos eles están relacionados co obxecto do contrato, a teor da previsión do artigo 145 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público - LCSP 2017- permitan elixir á proposta coa mellor relación calidade-prezo e se garanta a calidade da obra por medio da ampliación do prazo de garantía, e sendo o alcalde quen inicia o expediente mediante á resolución de inicio do expediente, xustificando a necesidade de acudir ao contrato administrativo de obras en base á insuficiencia de medios persoais e materiais do concello para poder executar a obra, e a xustificación da elección do procedemento en base ao prezo ou valor estimado da obra.

Logo de ver a documentación obrante no expediente, informes do T.A.X., informes dos Servizos Técnicos municipais, no que se xustifica a necesidade de contratación e os aspectos técnicos deste, así como a viabilidade da devandita actuación, recolléndose no correspondente Proxecto de Obras os Pregos de Prescricións Técnicas polos que se rexerá a licitación.

Logo de ver o acordo do Pleno de data 17-12-2019 polo que se aprobou o proxecto de obras redactado polo enxeñeiro de camiños, canles e portos, D. Pablo Blanco Ferreiro, colexiado número 22.992; o cal contén toda a documentación prevista no artigo 233 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público - LCSP 2017-

Logo de ver a retención de crédito con cargo á aplicación orzamentaria 2020.1532.20A.619.00 polo importe de 173.027,98 €, valor estimado do contrato de obras a tramitar, e 36.335,88 € de IVE, importe con IVE 209.363,86 €, e a acta de reformulo previa da obra, para os efectos previstos no artigo 236 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público - LCSP 2017-

Logo de ver os pregos de cláusulas administrativas particulares e de prescricións técnicas unido ao proxecto, polos que deberá rexerse o contrato en cuestión, e os informes do Técnico de Administración Xeral, como xefe da dependencia de contratación.

Logo de ver o informe xurídico emitido pola Secretaría deste Concello de data 12-08-2020.

Logo de ver a fiscalización emitida pola Intervención deste Concello de data 12-08-2020.

Considerando que se escolleu a tramitación ordinaria do procedemento aberto simplificado.



concello@ponteceso.r

Tel.: 981 71 40 00
Fax: 981 71 50 28
E-mail:

CIF: P1506900H
REL.: 01150682
RELG.: MU 2000/15

CONCELLO DE PONTECESO

Rúa Concello, 18
15110 Ponteceso (A Coruña)

Considerando o disposto na seguinte lexislación aplicable:

-Os artigos 28, 63, 99 a 102, 116, 117, 122, 124, 131 a 159, Disposicións Adicionais Segunda, Terceira e Decimo quinta da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público.

-O Real Decreto 817/2009, do 8 de maio, que desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de Contratos del Sector Público.

-Artigos vixentes do Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas aprobado por Real Decreto 1098/2001, do 12 de outubro.

De conformidade co disposto na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común, na Lei 7/85, do 2 de abril, de bases de réxime local, e no RD 2568/1986, do 28 de novembro, que aproba o regulamento de organización e funcionamento das corporacións locais.

No uso das atribucións outorgadas ao alcalde pola Disposición Adicional Segunda, 1, da Lei 9/2017, LCSP, e artigos 21.1. da Lei 7/85, do 2 de abril, de bases de réxime local, e 61.1 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia, a competencia correspóndelle a esta alcaldía, se ben consonte á Resolución da Alcaldía 374/2019, de 26 de xuño, modificada pola resolución núm. 283/2020, competencia para a aprobación encóntrase delegada na Xunta de Goberno Local.

PROPOÑO Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL:

PRIMEIRO.- *Aprobar o expediente de contratación da obra "MELLORA VIARIO NÚCLEO DE NIÑÓNS E OUTROS" EXPEDIENTE (2020/C003/000004), cun valor estimado de valor estimado de 173.027,98 € e 36.335,88 € de IVE, importe con IVE 209.363,86 €, mediante o procedemento aberto, e cun prazo de execución de 6 meses, de conformidade co proxecto redactado por D. Pablo Blanco Ferreiro, enxeñeiro de camiños, canles e portos, colexiado núm. 22.992, aprobado polo Pleno na sesión celebrada o 17-12-2019.*

SEGUNDO.- *Aprobar o gasto por importe de 209.363,86 euros, con cargo á aplicación orzamentaria 2020.1532.20A.619.00 do Orzamento Municipal de 2020, actualmente en vigor.*

TERCEIRO.- *Aprobar os Pregos de Cláusulas Administrativas Particulares que han de rexer a contratación mediante o procedemento aberto simplificado do presente contrato de obras.*

CUARTO.- *Proceder á apertura do procedemento de adxudicación deste contrato polo procedemento aberto simplificado, e publicar o anuncio no perfil do contratante deste Concello, para que no prazo de vinte días naturais se poidan presentar as proposicións que se estimen pertinentes*

Sométese a votación e Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda:

PRIMEIRO.- *Aprobar o expediente de contratación da obra "MELLORA VIARIO NÚCLEO DE NIÑÓNS E OUTROS" EXPEDIENTE (2020/C003/000004), cun valor estimado de valor estimado de 173.027,98 € e 36.335,88 € de IVE, importe con IVE 209.363,86 €, mediante o procedemento aberto, e cun prazo de execución de 6 meses, de conformidade co proxecto redactado por D. Pablo Blanco Ferreiro, enxeñeiro de camiños, canles e portos, colexiado núm. 22.992, aprobado polo Pleno na sesión celebrada o 17-12-2019.*

SEGUNDO.- *Aprobar o gasto por importe de 209.363,86 euros, con cargo á aplicación orzamentaria 2020.1532.20A.619.00 do Orzamento Municipal de 2020, actualmente en vigor.*



TERCEIRO.- Aprobar os Pregos de Cláusulas Administrativas Particulares que han de rexer a contratación mediante o procedemento aberto simplificado do presente contrato de obras.

CUARTO.- Proceder á apertura do procedemento de adxudicación deste contrato polo procedemento aberto simplificado, e publicar o anuncio no perfil do contratante deste Concello, para que no prazo de vinte días naturais se poidan presentar as proposicións que se estimen pertinentes

2. Aprobación do expediente de contratación de obras para a MELLORA ENTORNO LOCAL SOCIAL DE TELLA E OUTROS. EXPEDIENTE 2020/C003/000003.

Por parte da presidencia expónse a proposta de alcaldía que no seu literal di:

“ASUNTO: APROBACIÓN DO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DA OBRA “MELLORA ENTORNO DO LOCAL SOCIAL DE TELLA E OUTROS”. EXPEDIENTE (2020/C003/000003)

ANTECEDENTES:

Considerando que, para os efectos previstos no artigo 28 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público - LCSP 2017-, esta Alcaldía entende necesario que se tramite un contrato de execución das obras para a denominada “MELLORA ENTORNO DO LOCAL SOCIAL DE TELLA E OUTROS”, EXPEDIENTE (2020/C003/000003), considérase como procedemento de contratación máis axeitado polo acortamento de prazos o procedemento aberto simplificado, xa que polo orzamento da obra, atópase dentro dos supostos do artigo 159 da Lei 9/2017, para o cal se empregará o Prego tipo aprobado pola Deputación da Coruña.

Considerando que o procedemento de contratación máis axeitado, tendo en conta os seus prazos e o orzamento da obra encóntrase dentro dos supostos do artigo 159 da Lei 9/2017 o procedemento aberto simplificado, xustificando os criterios que se terán en conta para a valoración das propostas suxeitas a xuízo de valor que serán: o plan de control de calidade e o programa de traballo, e os criterios de adxudicación elixidos, avaliábel mediante fórmulas son: a oferta económica, a estabilidade no emprego (porcentaxe de persoal fixo en relación co persoal global da empresa e porcentaxe de mulleres en relación co persoal global da empresa), a existencia dun plan de igualdade, o incremento do prazo de garantía e a redución de prazos de execución, todos eles están relacionados co obxecto do contrato, a teor da previsión do artigo 145 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público - LCSP 2017- permitan elixir á proposta coa mellor relación calidade-prezo e se garanta a calidade da obra por medio da ampliación do prazo de garantía, e sendo o alcalde quen inicia o expediente mediante á resolución de inicio do expediente, xustificando a necesidade de acudir ao contrato administrativo de obras en base á insuficiencia de medios persoais e materiais do concello para poder executar a obra, e a xustificación da elección do procedemento en base ao prezo ou valor estimado da obra.

Logo de ver a documentación obrante no expediente, informes do T.A.X., informes dos Servizos Técnicos municipais, no que se xustifica a necesidade de contratación e os aspectos técnicos deste, así como a viabilidade da devandita actuación, recolléndose no correspondente Proxecto de



CONCELLO DE PONTECESO
Rúa Concello, 18
15110 Ponteceso (A Coruña)

Obras os Pregos de Prescricións Técnicas polos que se rexerá a licitación.

Logo de ver o acordo do Pleno de data 17-12-2019 polo que se aprobou o proxecto de obras redactado polo enxeñeiro de camiños, canles e portos, D. Pablo Blanco Ferreiro, colexiado número 22.992; o cal contén toda a documentación prevista no artigo 233 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público - LCSP 2017-

Logo de ver a retención de crédito con cargo á aplicación orzamentaria 2020.1532.20J.619.00 polo importe de 45.852,41 EUROS, valor estimado do contrato de obras a tramitar, e 9.629,01 EUROS de IVE, totalizando 55.481,42 EUROS.); a acta de reformulo previa da obra, para os efectos previstos no artigo 236 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público - LCSP 2017-

Logo de ver os pregos de cláusulas administrativas particulares e o de prescricións técnicas unido ao proxecto, polos que debe rexerse o contrato en cuestión, e os informes do Técnico de Administración Xeral, como xefe da dependencia de contratación.

Logo de ver o informe xurídico emitido pola Secretaría deste Concello de data 12-08-2020.

Logo de ver a fiscalización emitida pola Intervención deste Concello de data 12-08-2020.

Considerando que se escolleu a tramitación ordinaria do procedemento aberto simplificado.

Considerando o disposto na seguinte lexislación aplicable:

-Os artigos 28, 63, 99 a 102, 116, 117, 122, 124, 131 a 159, Disposicións Adicionais Segunda, Terceira e Decimo quinta da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público.

-O Real Decreto 817/2009, do 8 de maio, que desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de Contratos del Sector Público.

-Artigos vixentes do Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas aprobado por Real Decreto 1098/2001, do 12 de outubro.

De conformidade co disposto na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común, na Lei 7/85, do 2 de abril, de bases de réxime local, e no RD 2568/1986, do 28 de novembro, que aproba o regulamento de organización e funcionamento das corporacións locais.

De acordo coa atribución concedida ao alcalde pola Disposición Adicional Segunda, 1, da Lei 9/2017, LCSP, e polos artigos 21.1. da Lei 7/85, do 2 de abril, de bases de réxime local, e 61.1 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia, a competencia correspóndelle a esta alcaldía, se ben consonte á Resolución da Alcaldía 374/2019, de 26 de xuño, modificada pola resolución núm. 283/2020, a competencia para a aprobación encóntrase delegada na Xunta de Goberno Local.

PROPOÑO Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL:

PRIMEIRO.- *Aprobar o expediente de contratación da obra "MELLORA ENTORNO DO LOCAL SOCIAL DE TELLA E OUTROS", EXPEDIENTE (2020/C003/000003), cun valor estimado de 45.852,41 EUROS, e 9.629,01 EUROS de IVE, totalizando 55.481,42 EUROS, mediante o procedemento aberto, e cun prazo de execución de 6 meses, de conformidade co proxecto redactado por D. Pablo Blanco Ferreiro, enxeñeiro de camiños, canles e portos, colexiado núm. 22.992, aprobado polo Pleno na sesión celebrada o 17-12-2019.*

SEGUNDO.- *Aprobar o gasto por importe de 55.481,42 euros con cargo á aplicación orzamentaria*



concello@ponteceso.r

Tel.: 981 71 40 00
Fax: 981 71 50 28
E-mail:

CIF: P1506900H
REL : 01150682
RELG.: MU 2000/15

CONCELLO DE PONTECESO

Rúa Concello, 18
15110 Ponteceso (A Coruña)

2020.1532.20J.619.00 do Orzamento Municipal de 2020, actualmente en vigor.

TERCEIRO.- Aprobar os Pregos de Cláusulas Administrativas Particulares que han de rexer a contratación mediante o procedemento aberto simplificado do presente contrato de obras.

CUARTO.- Proceder á apertura do procedemento de adxudicación deste contrato polo procedemento aberto simplificado, e publicar o anuncio no perfil do contratante deste Concello, para que no prazo de vinte días naturais se poidan presentar as proposicións que se estimen pertinentes

Sométese a votación e Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda:

PRIMEIRO.- Aprobar o expediente de contratación da obra "MELLORA ENTORNO DO LOCAL SOCIAL DE TELLA E OUTROS", EXPEDIENTE (2020/C003/000003), cun valor estimado de 45.852,41 EUROS, e 9.629,01 EUROS de IVE, totalizando 55.481,42 EUROS, mediante o procedemento aberto, e cun prazo de execución de 6 meses, de conformidade co proxecto redactado por D. Pablo Blanco Ferreiro, enxeñeiro de camiños, canles e portos, colexiado núm. 22.992, aprobado polo Pleno na sesión celebrada o 17-12-2019.

SEGUNDO.- Aprobar o gasto por importe de 55.481,42 euros con cargo á aplicación orzamentaria 2020.1532.20J.619.00 do Orzamento Municipal de 2020, actualmente en vigor.

TERCEIRO.- Aprobar os Pregos de Cláusulas Administrativas Particulares que han de rexer a contratación mediante o procedemento aberto simplificado do presente contrato de obras.

CUARTO.- Proceder á apertura do procedemento de adxudicación deste contrato polo procedemento aberto simplificado, e publicar o anuncio no perfil do contratante deste Concello, para que no prazo de vinte días naturais se poidan presentar as proposicións que se estimen pertinentes

5.- Aprobación de proxectos de obra e servizos non previstos nos orzamentos: **Non constan**

6.-Petición e aceptación de subvencións: **Non constan**

7. Escritos e comunicacións:

8.- Dación de conta de decretos: **Resolucións dende 01/08/2020 (exp: 2020/G003/000497 RES 466/2020 ata 11/08/2020 (exp: 2020/G003/000542 RES 508/2020**

A XGL dase por enterada.

9.- ROGOS E PREGUNTAS: **Non se presentaron rogos nin preguntas**

Non tendo máis asuntos que tratar, a Presidencia remata a sesión ás nove horas e 15 minutos do día sinalado no encabezamento, redactándose a presente acta, do que como secretaria dou fe, asinandoa xunto co alcalde.

O Alcalde

A secretaria

concello@ponteceso.r



CONCELLO DE PONTECESO
Rúa Concello, 18
15110 Ponteceso (A Coruña)

Tel.: 981 71 40 00
Fax: 981 71 50 28
E-mail:

CIF: P1506900H
REL : 01150682
RELG.: MU 2000/15

Asdo.: D. Xosé Lois García Carballido

Asdo: D^a Antía Pena Dorado

Documento asinado electrónicamente ao marxe.